

## Acta

### Acta de reunión da

Titores e titoras PAT das titulacións da Facultade de Filoloxía

### Data

3/7/2018

### Lugar

Aula 2.4. da Facultade de Filoloxía

### Hora de inicio

13:00

### Hora de finalización

13:35

### Asistentes

Asisten: Acín, Esperanza; Alonso Ramos, Margarita; Cabarcos Traseira, M.<sup>a</sup> Jesús; Córdoba Rodríguez, Félix; Eirín García, Leticia; Estévez Saá, José Manuel; Fernández Berrocal, Encina; Fernández Ferreiro, Manuel; Fernández Pérez-Sanjulián, Carme; García González, Marcos; González García, Luis; González Muñoz, Fernando; López Viñas, Xoán; Lorenzo Modia, M.<sup>a</sup> Jesús; Lourenzo Modia, Cilla; Morales López, Esperanza; Moskowich-Spiegel Fandiño, Isabel; Núñez Puente, Carolina; Regueiro Diehl, Mercedes; Samartín López-Iglesias, Roberto; Sánchez Palomino, M.<sup>a</sup> Dolores; Sánchez Rei, Xosé Manuel; Tucci, Emiliana; Valcárcel López, Eva; Vizcaíno Fernández, Carlos Caetano; Vallín Blanco, Gema; Woodward Smith, Elizabeth.

Desculpan a ausencia: Clark, David (de permiso); Floyd Moore, Alan; Ferreiro Fernández, Manuel; Freixeiro Mato, Xosé Ramón; Lezcano González, Emma; López Fernández, Teresa (de permiso); Simal González, Begoña; Tato Fontaíña, Laura; Tato García, Cleofé; Vázquez Veiga, Nancy.

### Orde do día

1. Avaliación do desenvolvemento do PAT do centro durante o curso 2017/2018
2. Proposta de continuidade de profesorado titor PAT para o curso 2018/2019
3. Propostas de accións de mellora e suxestións para a elaboración do PAT 2018/2019

### Acordos adoptados

#### 1. Avaliación do desenvolvemento do PAT do centro durante o curso 2017/2018

En primeiro lugar, a decana e o coordinador PAT interveñen para avaliar o desenvolvemento do PAT durante o curso 2017/2018, que, igual que en anos precedentes, funcionou correctamente e non houbo ningunha disfunción salientábel. Así mesmo, neste curso tivo lugar a implantación do programa de mentorización na Facultade de Filoloxía, no cal participaron 12 alumnos/as mentores dos últimos anos dos graos e das simultaneidades. A este respecto, tras o proceso de selección levado a cabo, realizouse unha reunión cos mentores no inicio de curso para lles dar as instrucións precisas e nestes últimos días tivo lugar outra reunión para que avaliasen o desenvolvemento. As conclusións dos mentores son as seguintes: a) valoran positivamente a experiencia e recomendaríanlla ao resto dos seus compañeiros, pois pensan que poden

axudar o alumnado desde outra óptica e que eles o terían agradecido; b) tiveron practicamente os mesmos problemas que o profesorado titor de baixa asistencia ás reunións, ou mesmo ausencia de resposta á súa convocatoria por e-mail; c) nos casos en que acudiron ás reunións –moitas veces a pedimento do alumnado–, tratáronse temas académicos sobre elección de materias obrigatorias e optativas dos cursos seguintes, do profesorado, de problemas administrativos, do funcionamento da facultade e dos graos noutras universidades. Alén disto, tamén contamos neste curso co *Programa de mentorización internacional de estudantes entrantes con necesidades lingüísticas*, organizado pola Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, en que este alumnado estranxeiro foi apoiado e orientado por alumnado da nosa facultade seleccionado de entre as persoas candidatas á bolsa para a mentorización internacional. Porén, os resultados deste programa non tivo moito éxito, mais seguiremos participando para comprobar a súa viabilidade no caso de que a vicerreitoría continúe a ofertalo.

A seguir, abriuse unha quenda de intervencións para que o profesorado titor avaliasse a súa experiencia. A profesora Cleofé Tato (vía e-mail) comenta que o estudantado acode pouco e, cando o fai, é cando teñen problemas. A este respecto, intervén o coordinador do PAT Xoán López Viñas para indicar que este ano se apreciou unha certa baixa de asistencia no alumnado, en gran parte debida á existencia dos mentores que se converten nos primeiros referentes. Igualmente, o profesor Carlos Vizcaíno comenta que isto mesmo acontece cos titores de intercambio. Pola súa parte, a decana comenta a accesibilidade xeral do profesorado da Facultade de Filoloxía, de modo que en calquera momento poden facer consultas por e-mail, nos corredores etc. sen necesidade de concertar unha titoría PAT.

## **2. Proposta de continuidade de profesorado titor PAT para o curso 2018/2019**

O profesorado titor expresa a súa vontade de continuar a exercer as funcións de titor/a PAT durante o curso 2017/2018, coa inclusión no PAT dos graos do profesor Celso Álvarez Cáccamo –que no ano pasado só estaba de titor nos mestrados– e de Isaac Lourido Hermida como novo titor.

No próximo curso, as profesoras Esperanza Morales e Carolina Núñez desfrutarán dunha licenza sabática, de modo que non recibirán alumnado novo; no caso de Esperanza Morales continuará a titorizar virtualmente o alumnado asignado en anos anteriores, mentres que Carolina Núñez deixará a titorización do seu alumnado momentaneamente no coordinador PAT.

## **3. Propostas de accións de mellora e suxestións para a elaboración do PAT 2018/2019**

O coordinador do PAT e a decana indican que o proxecto de PAT do próximo curso 2018/2019 vai se fiel ao do curso pasado coa actualización pertinente das datas e da actualización da listaxe de titores/as.

Canto ás accións de mellora, propónse adiantar a captación de mentores, xa que este ano non se realizou até finais de novembro.

Finalmente, intervén o coordinador PAT para lembrar que cubran o cuestionario de avaliación do PAT, pois é un requisito imprescindible para poder recibir o diploma de titor/a deste curso.

3 de xullo de 2018

Asdo.: D. Xoán López Viñas  
Coordinador do PAT

M.<sup>a</sup> Jesús Lorenzo Modia  
Decana da Facultade de Filoloxía